

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CON1111G1	Expediente CON/13/2017	



## ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo para a xestión da escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 421.765,25 euros/ano máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 7 de novembro, ás 9:00 horas.

### ASISTENTES:

**Presidente:** D. Manuel Dios Diz.

**Vogais:**

- D. Xan Duro, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D<sup>a</sup> Susana Papín, técnica de educación.
- D<sup>a</sup>. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asiste un representante da empresa Servicios y Materiales SA.

### OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	27/10/2017	47.607	G15597669 FESAN FUNDACION DE ESTUDIOS E ANALISES
2	27/10/2017	47.667	A28781151 SERVICIOS Y MATERIALES SA
3	27/10/2017	47.690	B15767783 ANA NAYA GARCIA SL
4	27/10/2017	47.696	B35537836 PROMOCION DE LA FORMACION LAS PALMAS. SL.
5	27/10/2017	47.735	B15922230 AURORA, PILAR Y ANA S.L.CORUÑA)
6	30/10/2017	47.880	B83143131 KIDSCO ESCUELAS INFANTILES (*)

*\*Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos eles apórtana correctamente cumplimentada.

A continuación lévase a cabo á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando que todos eles aportan a documentación correctamente axustada ós requirimentos formais da cláusula 13.3 do prego administrativo de aplicación.

Finalmente, a mesa acepta a proposta do departamento de educación de contar cunha colaboración externa para a valoración destes criterios, para o que se solicitou nomeamento de asesor á facultade de ciencias da educación da universidade de Santiago, que propón á profesora Dona Cristina Abeal Pereira,



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1111G1	<i>Expediente</i> CON/13/2017	

15078DCON1111G14



que coordinará o seu traballo coa técnica municipal de departamento de educación Dona Susana Papín, que a porá en antecedentes dos requerimentos formais e esixencias de motivación deste tipo de informes.

Ás 9.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
Documento CON111G1	Expediente CON/13/2017	



## ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo para a xestión da escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 421.765,25 euros/ano máis IVE.

**PROCEDIMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 11 de xaneiro de 2018, ás 11:17 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Manuel Dios Diz.

**Vogais:** Dna. Noa Morales, representante do grupo CA.  
Dna. María Corral, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Convócase esta reunión da mesa de contratación para dar conta da situación actual do expediente.

Na anterior reunión acordouse aceptar a proposta do departamento de educación de contar coa colaboración dunha profesora da facultade de ciencias da educación da universidade de Santiago para a redacción do informe de valoración dos proxectos educativos dos distintos licitadores. Sen embargo, e, finalmente, a carga de traballo no exercicio das súas propias funcións na universidade fai imposible esta colaboración, renunciando a elo a través da comunicación da decana da facultade.

Polo tanto, o concelleiro delegado comunica que finalmente o informe será redactado polas propias técnicas do departamento municipal Dna. Susana Otero Pérez e Dna. Susana Papín Fernández, contando co asesoramento da xefa de servizos sociais Dna. Teresa Furelos Toral.

Ás 11:22 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CON1111G1	Expediente CON/13/2017	



**ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Servizo para a xestión da escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 421.765,25 euros/ano máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 24 de abril de 2017 ás 9:20 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Manuel Dios Diz.

**Vogais:** D. Xan Duro, representante do grupo CA.  
 Dna. María Corral, representante do grupo PP.  
 Dna. Susana Otero Pérez, técnica do departamento de Educación.  
 Dna. Susana Papín Fernández, técnica do departamento de Educación.  
 Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
 D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adjudicación non avaliados mediante cifras ou porcentaxes no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompaña-se á presente acta e conta co voto favorable de todos os membros da mesa.

A continuación dáse entrada a este acto ós representantes das empresas SERVICIOS Y MATERIALES SA, ANA NAYA GARCÍA SL E AURORA, PILAR Y ANA SL, dándose lectura pública polo tanto e en primeiro termo ás puntuacións acadadas na primeira fase, e procedéndose seguidamente á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)
1	FUNDACION DE ESTUDIOS E ANALISES (FESAN)	391.800,00
2	SERVICIOS Y MATERIALES SA	400.674,34
3	ANA NAYA GARCIA SL	405.000,00
4	PROMOCION DE LA FORMACION LAS PALMAS. SL.	400.677,00
5	AURORA, PILAR Y ANA S.L.	400.008,00
6	KIDSCO BALANCE SL (*)	415.371,00

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio, encomendando á empresa PILOT CCS SL, redactora do estudo económico que serviu de base a esta licitación, a análise dos presentados polos distintos licitadores coa finalidade de verificar a viabilidade económica das súas ofertas.

Ás 9:50 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1111G1	<i>Expediente</i> CON/13/2017	

15078DCON1111G14



## ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo para a xestión da escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 421.765,25 euros/ano máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 31 de maio de 2017 ás 9:15 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Manuel Dios Diz.

**Vogais:** D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
Dna. Cristina Salgado Pato, técnica do departamento de Educación.  
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.  
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adjudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos.

Así mesmo, preséntase informe de análise dos estudos económicos presentados, que esencialmente conclúe que todos eles se manteñen dentro de marxes razoables e admisibles e que, polo tanto, acreditan a viabilidade económica das distintas propostas.

Ambolosdous informes contan co voto favorable de todos os membros da mesa.

En consecuencia, a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador SERVICIOS Y MATERIALES SA, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 400.674,34 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**  
**O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1111G1	<i>Expediente</i> CON/13/2017	



**ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Servizo para a xestión da escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 421.765,25uros/ano máis IVE.      **PROCEDIMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 21 de xuño de 2018, ás 13:30 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Manuel Dios Diz.


**Vogais:** Dna. María Corral, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.  
Dna. Cristina Salgado Pato, técnica do departamento de Educación.  
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.  
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, SERVICIOS Y MATERIALES SA, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión.

Ás 13:43 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**

